

# ORDENANZA XERAL DE PREZOS PUBLICOS

## **Art. 1: Obxecto.**

A presente ordenanza ten por obxecto regular con carácter xeral o establecemento, fixación, modificación, administración e cobro dos prezos públicos deste Concello pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal que non estean regulados por unha ordenanza específica.

## **Art. 2: Concepto.**

1. De conformidade co previsto no art. 127 en relación co art. 41 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de San Sadurniño poderá establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal sempre que legalmente non teñan a condición de feito impositivo dunha taxa. O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente reciban os servizos de comedor sobre rodas ou de axuda no fogar; adquiren libros, impresos ou publicacións municipais; os que participen en actividades deportivas, culturais, lúdicas ou similares; os que participen en cursos, xornadas, ou una realización de actividades, ou soliciten a prestación de servizos de competencia municipal sempre que legalmente non teñan a condición de feito impositivo dunha taxa, e/ou que non estean regulados por unha ordenanza específica.

2. Poderanse establecer e esixir prezos públicos pola prestación dun servizo ou a realización dunha actividade administrativa de competencia do Concello que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao obrigado ao pago, cando se cumpra calquera das circunstancias seguidas:

a) Que sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. A estes efectos, considerarase voluntaria a solicitude ou recepción polos administrados cando non veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou cando os bens, servizos ou actividades requeridos non sexan imprescindibles para a vida social ou privada do solicitante.

b) Cando se presten ou realicen polo sector privado, esta ou non establecida a súa reserva a favor do sector público, conforme á normativa vixente.

3. Non poderán esixirse prezos públicos, en ningún caso, polos servizos e actividades enumerados no art. 21 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

### **Art. 3: Procedemento para o establecemento e modificación de prezos públicos.**

1. Conforme co disposto o art. 47 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o establecemento e modificación de prezos públicos efectuarase por acordo da Xunta de Goberno Local, a proposta da Alcaldía ou da Concellaría delegada que corresponda.

2. Os acordos de establecemento ou fijación dos prezos públicos conterán:

- A determinación do servizo ou actividade a que se refiran.
- Os supostos de feito dos que derive a obriga de pagamento.
- As contrapartidas pecuniarias esixibles por cada acto ou feito singularizado, estruturadas na correspondente tarifa.
- A esixencia ou non do depósito previo do importe total ou parcial do prezo público, como requisito para a prestación do servizo ou a realización da actividade.
- A declaración expresa de que o prezo público cubre o custo de servizo, conforme á memoria económico-financeira unida á proposta, ou no seu caso, a parte do custo cuberta con cargo ao orzamento municipal, con indicación da concreta partida.
- A data desde a que comezará a esixirse o prezo público, de nova creación ou modificado.
- Os demais aspectos específicos que se consideren necesarios.

3. Os acordos de establecemento ou modificación dos prezos públicos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

4. O expediente que se instrúa para a adopción dos acordos de establecemento e modificación de prezos públicos deberá conter, como mínimo:

- 1º.- Proposta de establecemento ou modificación de prezo público.
- 2º.- Memoria ou informe do Xefe da Unidade correspondente.
- 3º.- Informe económico-financieiro do Interventor da Corporación, que deberá analizar os seguintes aspectos da Memoria:
  - a) Fundamentación do importe dos prezos que se propoña.
  - b) Grao de cobertura financeira dos respectivos custes económicos.
  - c) Previsións presupostarias oportunas para a cobertura da parte do prezo subvencionada cando se faga aplicación do previsto no art. 5 desta ordenanza.

#### **Art. 4: Contía.**

1. Os prezos públicos deberán cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, debéndose ter en conta para a determinación daquel os custos directos e indirectos orzamentarios, así coma os custos derivados das amortizacións extraorzamentarias.

2. Ao importe dos prezos públicos sumarase, se é o caso, o importe do I.V.E., polo tipo vixente no momento da obriga de pago deste.

#### **Art. 5: Bonificacións e exencións.**

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá establecer prezos públicos por debaixo do custo de servizo ou actividade. Nestes casos, deberán consignarse no orzamento municipal as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houber.

#### **Art. 6: Obrigados ao pagamento.**

1. Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que soliciten os servizos ou actividades polos que deben satisfacerse aqueles.

2. Está igualmente obrigado ao pagamento do importe dos prezos públicos quen aínda non sendo solicitante, resulte beneficiado polo servizo ou actividade, sen prexuízo das consecuencias xurídicas que se deriven da falta da devandita solicitude.

### **Art. 7: Administración e cobro.**

A administración e cobro dos prezos públicos realizarase pola propia Corporación, que poderá establecer normas concretas para a xestión dos mesmos nos acordos singularizados de fijación dos prezos públicos.

### **Art. 8: Obriga e lugar de pago.**

1. A obriga de pagamento nace dende que se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade.

2. O pago dos prezos públicos efectuarase, con carácter xeral, simultaneamente á recepción da actividade ou servizo, no local onde éstes se realicen ou pola contra nas oficinas municipais, segundo se estableza en cada prezo público.

3. O pagamento realizarase en efectivo e a Corporación expedirá a oportuna carta de pago ou outro documento acreditativo do ingreso.

4. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente segundo o procedemento previsto para a devolución de ingresos indebidos.

5. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema cando transcorresen tres meses dende o seu vencemento sen que se puidese conseguir o seu cobro a pesares de térense realizado as xestións oportunas, que consistirán, como mínimo, na notificación individual ou colectiva da débeda e o anuncio de posta ao cobro neste último caso. Éste último, que procederá nos supostos de notificación colectiva, poderá publicarse mediante edictos que poderán inserirse no Taboleiro de anuncios do Concello e no BOP. Asemesmo, poderase publicar un anuncio nun dos diarios de maior circulación da provincia da Coruña.

## **Art. 9: Infraccións e sancións.**

### **Disposición Final 1ª.**

Para o non previsto nesta Ordenanza nin nos acordos de establecemento e fijación dos prezos públicos ou na normativa específica que os regule, estarase ao disposto no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a lei 8/1989, de 13 abril, de taxas e prezos públicos, e a Lei Xeral Presupostaria e normas que a desenvolvan.

### **Disposición Final 2ª.**

Esta Ordenanza entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no BOP transcurra o prazo de 15 días a que se refiren os arts. 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.